


No campo da multimedia estase a dar unha importante diversificación dos soportes de acceso aos contidos grazas ao desenvolvemento da tecnoloxía (Internet móbil, consolas de alta definición, móbiles 4G...).

Comparativa das distintas variables relacionadas co acceso a contidos multimedia en Galicia e en España. 2007


	Galicia	España	G/E
Persoas que usaron algunha vez o ordenador	54,20%	63,60%	85,22%
Persoas que utilizaron algunha vez Internet	48,20%	57,30%	84,12%
Penetración de Internet nos fogares	33,0%	41,03%	80,42%
Fogares con acceso a Internet por cable	30,30%	14,90%	203,36%
Fogares con ordenador de sobremesa	45,5%	52,4%	86,83%
Compra de películas ou música por Internet	15,1%	11,5%	131,30%
Fogares con outro tipo de ordenador (PDA, Poquet PC, etc.)	1,70%	3,20%	53,13%
Aceso por Internet a medios de comunicación (TV, radio...)	27,00%	32,40%	83,33%
Aceso a Internet a través de teléfono móbil banda ancha	15,40%	10,50%	146,67%

- O 54,20% dos cidadáns galegos **utilizaron algunha vez o ordenador** e o 48,2% **accederon nalgunha ocasión a Internet**.
- A **penetración de Internet nos fogares galegos** e oito puntos inferior á española.
- Os fogares galegos **conéctanse fundamentalmente a Internet a través de ADSL e cable**.
- España amplía a **fenda dixital** respecto aos países máis desenvolvidos.
- A **penetración da banda ancha móbil** alcanzará en 2012 en España o 50%.
- O **sector dos videoxogos factura** en España 1.457 millóns de euros en 2007, un 50% máis que o 2006
- O 51,8% dos usuarios galegos de Internet **accederon algunha vez á servizos de lecer**, como xogar ou descargar xogos, películas, música, imaxes, etc. a través de Internet.
- A **compra por parte de particulares de contidos audiovisuais** a través de Internet no 2007 tivo unha maior aceptación en Galicia que en España.
- O mercado de **xogos para o móbil** está previsto que creza en España un 23% no ano 2008.
- O **consumo de videoxogos** supón o 54% do total do ocio audiovisual, por diante do sector do cine.
- Un 6,04% da **inversión publicitaria española** se destina aos medios interactivos.
- Todo apunta a que en 2009 **Internet se converterá no terceiro medio en termos de inversión publicitaria**, por detrás de TV e xornais.

Aceso a Internet nos fogares



Equipamento de produtos TIC das vivendas



Penetración de Internet nos fogares (% usuarios)

